



**ACSUC**  
AXENCIA para a CALIDADE do  
SISTEMA UNIVERSITARIO de  
GALICIA

**CONVOCATORIA ORDINARIA PARA A AVALIACIÓN OU  
INFORME PARA A CONTRATACIÓN COMO PROFESOR  
UNIVERSITARIO POLAS UNIVERSIDADES INTEGRANTES  
DO SUG.**

**PROCEDEMENTO ANTE A ACSUG:**

**CONVOCATORIA 1A/07**

**MEMORIA DA CONVOCATORIA DE AVALIACIÓN DO PROFESORADO  
PARA A SÚA CONTRATACIÓN\_1A-07**

**ÍNDICE:**

1. RESOLUCIÓN DE 16 DE ABRIL DE 2007
2. OS COMITÉS DE ASESORES EXPERTOS (CAE).
3. TRAMITACIÓN E REXISTRO DAS SOLICITUDES.
4. RESULTADOS DEFINITIVOS DA CONVOCATORIA.
  - 4.1. RESULTADOS GLOBAIS.
  - 4.2. RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS.
  - 4.3. RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS.
  - 4.4. RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS DA SAÚDE.
  - 4.5. RESULTADOS DO ÁMBITO DE ENSINANZAS.
  - 4.6. RESULTADOS DO ÁMBITO DE HUMANIDADES.
5. ESTUDO DOS RESULTADOS DESFAVORABLES DA CONVOCATORIA.
  - 5.1. RESULTADOS GLOBAIS.
  - 5.2. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESOR CONTRATADO DOUTOR.
  - 5.3. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESOR AXUDANTE DOUTOR.
  - 5.4. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESOR COLABORADOR.
  - 5.5. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESOR DE UNIVERSIDADE PRIVADA.
6. RECLAMACIÓNS.

## 1. RESOLUCIÓN DE 16 DE ABRIL DE 2007

**Resolución do 16 de abril de 2007, do presidente da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.**

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten atribuída, dentro do ámbito da súa Comunidade Autónoma, a competencia para realizar as avaliacións e informes das actividades docentes, investigadoras e de xestión (previstas tanto pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, nos seus artigos 50, 51, 52, e 72; como no Decreto autonómico 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, nos seus artigos 5 a 7), para a poder ser contratado como profesor axudante doutor, profesor colaborador, profesor contratado doutor, e profesor de universidade privada polas universidades do SUG.

Coa aprobación da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 23 de xuño de 2004 pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia, e da Orde do 18 de agosto de 2005, pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas Universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador, complétase o sistema para avaliar ou informar as actividades docentes, investigadoras e de xestión, para a contratación do profesorado, establecido a través do Decreto 270/2003, de 22 de maio, regulador da ACSUG e na Orde do 1 de abril de 2003 que aproba os criterios xerais de informe e avaliación.

De conformidade co exposto, o Presidente do Consello de Dirección da ACSUG, en virtude das competencias delegadas por Resolución do 21 do setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro)

### RESOLVE

#### **Primeira: Obxecto**

Aprobar a convocatoria e abrir o prazo para a presentación de solicitudes por parte dos interesados que desexen obter a avaliación ou o informe esixidos para poder ser contratados como persoal docente e investigador por algunha das Universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia (SUG), como profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades

e no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, e que debe emitir a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

### **Segunda: Destinatarios**

1. Poderán presentar a súa solicitude todas aquelas persoas que de conformidade co establecido na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, queiran obter a avaliación ou o informe necesario para ser contratados por algunha das Universidades de Galicia nas figuras contractuais de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador, e non se atopen en ningún dos suposto regulados nos artigos dous, tres e catro da Orde do 18 de agosto de 2005, pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas Universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador (DOG do 1 de setembro de 2005).

2. Cando algunha das persoas que se atopen nos supostos regulados nos artigos dous, tres e catro da mencionada Orde do 18 de agosto de 2005, (DOG do 1 de setembro de 2005), solicite a avaliación ou informe á ACSUG, esta, unha vez percibida desta circunstancia, arquivará a solicitude comunicándolle ao interesado a non procedencia da emisión da avaliación ou informe solicitado.

### **Terceira: Solicitudes.**

1- As solicitudes de avaliación ou informe, de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, dirixiranse ao Presidente do Consello de Dirección da ACSUG e, sen prexuízo do establecido na base seguinte, presentaranse no modelo normalizado de instancia que se publica ó efecto como anexo I á presente convocatoria. As solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e deberán indicar para cal ou cales das modalidades contractuais solicitan a avaliación ou informe. No caso de que se solicite a avaliación ou informe para mais dunha figura contractual, farase na mesma solicitude.

2- Os solicitantes, xunto co modelo normalizado de instancia (anexo I) presentarán a seguinte documentación:

- Fotocopia de documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).
- Titulación esixida pola Lei Orgánica 6/2001 de 21 de decembro, para poder optar á figura contractual de que se trate (título de doutorado, licenciado, arquitecto, diplomado, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico).

- Currículo Vitae, que deberá cumprimentarse no modelo normalizado que se publica ó efecto como anexo II.

#### **Cuarta : Requisitos de presentación das solicitudes.**

1. O modelo de instancia (anexo I) e de Currículo Vitae (anexo II) deberanse cubrir en formato dixital, na aplicación informática á que se poderá acceder na páxina web [www.acsug.es](http://www.acsug.es). Unha vez cubertos estes documentos en formato dixital, deberanse de imprimir e asinar debidamente (o Currículo Vitae deberá estar asinado en tódalas páxinas). Unha vez feito isto, presentaranse ante a Axencia do xeito que se establece na base anterior, xunto cos demais documentos que se relacionan na mesma.

2. Achegarase unicamente unha copia de todos os documentos que se presenten, con independencia do número de figuras contractuais para as que se solicite a avaliación ou informe.

#### **Quinta: Xustificación dos méritos curriculares.**

1. Os interesados deberán xustificar adecuadamente os méritos curriculares que aleguen, sen prexuízo do cal, os méritos que se relacionan a continuación soamente serán tidos en conta cando se xustifiquen do xeito que expresamente se indica:

- A docencia universitaria regrada xustificarase cun certificado da Secretaría Xeral ou da correspondente Vicerrectoría da universidade na que se prestase aquela, no que deberá constar as materias e o número de créditos impartidos.

- O expediente académico xustificarase a través dun certificado expedido pola autoridade competente.

- Os cursos e masters recibidos xustificaranse co correspondente certificado no que conste o número de horas dos mesmos.

- As bolsas e as axudas deberán de acreditarse a través da credencial emitida polo organismo pagador das mesmas.

- Os proxectos e contratos de investigación competitivos e non competitivos deberán de xustificarse coa documentación na que conste a súa concesión por parte do organismo pagador, e as características, o posto ocupado como membro do proxecto e o seu carácter internacional, interuniversitario ou interdepartamental.

- A actividade profesional desenvolvida deberase xustificar prioritariamente coa presentación da copia dos correspondentes contratos de traballo e o certificado de vida laboral da Seguridade Social.

- Para acreditar libros, artigos e demais publicacións será suficiente con entregar unha copia simple da primeira e última folla, índice e folla onde figure o ISBN, ISSN, Depósito Legal, etc.

- No caso de traballos aceptados e pendentes de publicación xustificárase cun certificado da editorial ou organismo responsable da publicación.

2. Deberase cotexar toda a documentación da que se dispoña dun documento orixinal (títulos de doutorado, licenciado, arquitecto, diplomado, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico; títulos de masters; certificado do expediente académico; documentos acreditativos de premios extraordinarios; certificados de cursos, seminarios e de asistencia a congresos; credenciais de becas, contratos laborais, ou calquera outro achegado polo solicitante de utilidade para a resolución da convocatoria).

3. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes non se admitirá ningunha documentación xustificativa dos méritos curriculares. As correspondentes avaliacións e informes faranse en base ós xustificantes dos méritos que se achegasen polos interesados ata ese momento.

4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a ACSUG poderá requirir dos solicitantes as aclaracións e concrecións que considere oportunas en relación ós méritos alegados nos seus currículos, sempre que fosen xustificados con anterioridade a que rematase o prazo de presentación de solicitudes.

5. En coherencia co disposto no artigo 35.f da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas do procedemento administrativo común, no caso de que xa se solicitase a avaliación ou informe en anteriores convocatorias, non será necesario a presentación da documentación xustificativa dos méritos curriculares á que se refire esta base que xa se atopen en poder da ACSUG. Neste caso presentarse, xunto a documentación esixida na base terceira, un escrito no que se comunique esta circunstancia, e no que se fará referencia ao número de expediente correspondente ás avaliacións ou informes anteriores. Os méritos curriculares obtidos con posterioridade a anterior solicitude de avaliación ou informe deberán ser xustificados.

#### **Sexta: Admisión a trámite, emenda e mellora da solicitude.**

1. A ACSUG comprobará que as solicitudes presentadas en prazo, cumpran cos requisitos establecidos polo artigo 13.4 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG (DOG do 4 de xuño de 2003), pola Orde do 23 de xuño de 2004 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia (DOG do 5 de xullo de 2005) e demais normativa de aplicación.

2. Cando as solicitudes presentadas en prazo, non reúnan os requisitos esixidos no apartado primeiro do artigo 70 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou non

acompañen os documentos esixidos no apartado segundo da base terceira desta resolución, requirirase ó interesado para que proceda á súa emenda de conformidade co disposto no artigo 71 da citada Lei 30/92; de non facelo, consideraráselle desistido da súa petición, e arquivarase o expediente nos termos previstos no citado artigo.

#### **Sétima: Prazo.**

O prazo para a presentación das solicitudes de avaliación ou informe será de 40 días naturais a contar dende o día seguinte ó da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

#### **Oitava: Procedemento de avaliación e informe.**

1. Unha vez asignados pola ACSUG os currículo dos solicitantes, atendendo ó criterio indicado no artigo 8 da Orde do 23 de xuño de 2004 (DOG do 5 de xullo de 2004), ao correspondente comité de asesores expertos, o referido Comité procederá a súa avaliación do xeito disposto no protocolo e baremos de avaliación establecidos pola citada Orde do 23 de xuño, (Títulos II e III).

2. A avaliación dos currículo, en cada figura contractual que o interesado solicitase, emitirase por consenso da maioría dos membros do comité, e estará motivada no caso de ser negativa. A vista das avaliacións emitidas polos comités de asesores expertos, a CGIACA emitirá a proposta motivada de informe ou avaliación de cada unha das solicitudes avaliadas.

#### **Novena: Acordos de avaliación ou informe.**

1. As propostas emitidas pola CGIACA serán vinculantes para o Consello de Dirección da ACSUG, que de conformidade coas mesmas, adoptará os correspondentes acordos, tamén motivados, que serán notificados segundo o establecido no artigo 89 da Lei 30/92, a cada solicitante, persoal e directamente, no prazo máximo dos seis meses seguintes a presentación da solicitude.

2. Os informes favorables ou as avaliacións positivas non teñen prazo de caducidade unha vez obtidos, e terán validez para as universidades integrantes do sistema universitario de Galicia.

#### **Décima: Recurso.**

Os acordos do Consello de Dirección esgotan a vía administrativa polo que de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/92 poderán ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os dictou ou ser impugnados directamente perante a xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

**Undécima: Protección de datos de carácter persoal.**

Na presente convocatoria cúmprese co indicado na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), poñendo en coñecemento dos interesados o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, que poderán exercer mediante escrito dirixido a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia - Lamas de Abade, s/n – C.I.F.P. Compostela 5ª Andar, 15.702 - Santiago de Compostela (A Coruña).

**Duodécima: Entrada en vigor.**

A presente resolución producirá efectos a partir do día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**2. OS COMITÉS DE ASESORES EXPERTOS (CAE).**

Pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), realizouse unha estimación en función do número de potenciais solicitantes de avaliación ou informe, por área de coñecemento, nas universidades de Galicia. En función destes datos seleccionáronse as sete áreas de coñecemento máis representativas de cada ámbito científico. Neste sentido, os comités de asesores expertos estarán constituídos por sete membros, un por cada áreas de coñecemento representativa de cada ámbito, un deles será o presidente, outro o secretario e os cinco restantes serán vocais. En cada comité, o presidente será designado pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e o secretario será o membro de menor idade.

Os requisitos esixidos para formar parte dos comités de asesores expertos son: ser catedrático de universidade, ter un mínimo de tres sexenios de investigación e non pertencer ao SUG. Este último requisito non será de aplicación para os Presidentes.

A selección dos membros dos comités fíxose mediante sorteo por parte da CGIACA, a partir das listaxes dos profesores de cada ámbito científico que cumprían os requisitos mencionados no parágrafo anterior.

## CC. SOCIAIS E XURÍDICAS.

Cód.	Áreas Principais	Área de Coñecemento		Avaliadores propostos	Univ.
125		Dereito Administrativo		<i>Tomás Alberto Quintana López</i>	ULeón
130		Dereito Civil		<i>Antonio Orti Vallejo</i>	UGR
215		Didáctica e Organización Escolar		<i>Quintina Martín-Moreno Cerrillo</i>	UNED
215		Didáctica e Organización Escolar		<i>Isabel Cantón Mayo</i>	ULeón
225		Economía Aplicada		<i>Rafael Caballero Fernández</i>	UMA
650		<b>Organización de Empresas</b>	<b>(Presidente)</b>	<i>Antonio Genaro Leal Millán</i>	US
650		Organización de Empresas		<i>Joaquín Bautista Valhondo</i>	UPC
735		Psicoloxía Evolutiva		<i>M<sup>a</sup> Victoria Trianes Torres</i>	UMA

## CC. EXPERIMENTAIS

Cód.	Áreas Principais	Área de Coñecemento		Avaliadores propostos	Univ.
220		Ecoloxía		<i>Felipe Javier Fernández González</i>	UB
265		Estatística e Investigación Operativa		<i>Leandro Pardo Llorente</i>	UCM
385		<b>Física Aplicada</b>	<b>(Presidente)</b>	<i>Eulogio Jiménez Cuesta</i>	UDC
595		Matemática Aplicada		<i>Cesar Palencia de Lara</i>	UVA
750		Química Analítica		<i>Paloma Yañez-Sedeño</i>	UCM
765		Química Orgánica		<i>Miguel Ángel Gallo Mezo</i>	UGR

## CC. DA SAÚDE

Código	Áreas Principais	Área de Coñecemento		Avaliadores propostos	Univ.
60		Bioquímica e Bioloxía Molecular		<i>Margarita Lorenzo Balado</i>	UCM
63		Botánica		<i>Joaquín Molero Meza</i>	UGR
410		<b>Fisioloxía</b> (Educación Física)	<b>(Presidente)</b>	<i>Carlos Acuña Castroviejo</i>	USC
610		Medicina		<i>Eduardo Lissen Otero</i>	CICA
615		Medicina Preventiva e Saúde Pública (Enfermería)		<i>Domingo Pérez Flores</i>	UMur
773		Sanidade Animal		<i>M<sup>a</sup> de los Ángeles Calvo Torras</i>	UAB

## ENSINANZAS TÉCNICAS

Cód.	Áreas Principais	Área de Coñecemento	Avaliadores propostos	Univ.
75		Ciencia da Computación e IA	<i>Roque Luís Marín Morales</i>	UMU
110		Construccións Arquitectónicas	<i>Francesc de Paula Daumal Domenech</i>	UPC
500		Enxeñaría Agroforestal	<i>Jaime Ortíz-Cañavate Puig-Mauri</i>	UPM
545		Enxeñaría Mecánica	<i>Ángel M<sup>a</sup> Sánchez Pérez</i>	UPM
555		Enxeñaría <b>Química</b> (Presidente)	<i>Luis Espada Recarey</i>	UVI
560		Enxeñaría Telemática	<i>Vicente Casares Giner</i>	UPVal
570		Linguaxes de Sistemas Informáticos	<i>Emilio López Zapata</i>	UMA

## HUMANIDADES

Código	Áreas Principais	Área de Coñecemento	Avaliadores propostos	Univ.
345		Filoloxía Inglesa	<i>Enrique Bernárdez Sanchís</i>	UCM
370		Filoloxía Galega e Portuguesa	<i>Ángel Marcos de Dios</i>	USAL
450		Historia Contemporánea	<i>Pedro Carasa Soto</i>	UVallad
465		Historia del Arte	<i>Salvador Andrés Ordax</i>	UVallad
567		Lingua Española	<i>Milagros Aleza Izquierdo</i>	UV
575		<b>Filoloxía Románica</b> (Presidenta)	<i>Mercedes Brea López</i>	USC
814		Traducción e Interpretación	<i>Luis Ángel Acosta Gómez</i>	UCM

### 3. TRAMITACIÓN E REXISTRO DAS SOLUCITUDES.

Rexistráronse un total de 1162 solicitudes (417 para profesor contratado doutor, 197 para profesor axudante doutor, 303 para profesor colaborador e 240 para profesor de universidade privada) procedentes de 542 solicitantes (debe terse en conta que cada solicitante pode realizar ata catro solicitudes, unha por cada figura contractual). A distribución das solicitudes por figuras solicitadas, así como dos distintos ámbitos científicos ós que correspondían as mesmas, móstrase nas seguintes táboas adxuntas. (Táboa I, II e III).

Táboa I.- Distribución por figura contractual: Táboa

SOLICITANTES	
542	
SOLICITUDES	
PCD	417
PUP	240
PAD	195
PCO	303
<b>TOTAL</b>	<b>1155</b>

Táboa II - Distribución por ámbito científico:



CAMPO CIENTÍFICO	SOLICITANTES	SOLICITUDES
Ciencias Sociais e Xurídicas	179	324
Ciencias Experimentais	89	231
Ciencias da Saúde	74	184
Ensinanzas Técnicas	109	203
Humanidades	91	213
<b>TOTALES ASIGNADOS</b>	<b>542</b>	<b>1155</b>

Táboa III.- Figuras solicitadas por cada solicitante


SOLICITUDES				SOLICITANTES
PCD	PUP	PAD	PCO	129
PCD	PUP	PAD		23
PCD	PUP		PCO	32
PCD		PAD	PCO	14
	PUP	PAD	PCO	7
PCD	PUP			41
PCD		PAD		14
PCD			PCO	14
	PUP	PAD		2
	PUP		PCO	12
		PAD	PCO	4
PCD				148
	PUP			1
		PAD		6
			PCO	95
417	240	195	303	<b>542</b>
<b>1155</b>				<b>TOTAL</b>

4. RESULTADOS DEFINITIVOS DA CONVOCATORIA.
  - 4.1. RESULTADOS GLOBAIS.
  - 4.2. RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS.
  - 4.3. RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS.
  - 4.4. RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS DA SAÚDE.
  - 4.5. RESULTADOS DO ÁMBITO DE ENSINANZAS.
  - 4.6. RESULTADOS DO ÁMBITO DE HUMANIDADES.

4.1. RESULTADOS GLOBAIS.





## RESUMO DE RESULTADOS DE AVALIACIÓN DE PROFESORADO




4.2. RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS.

RESUMO GLOBAL DO CAMPO CIENTIFICO DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS.





## Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de: Ciencias Sociais e Xurídicas




RESUMO GLOBAL DO CAMPO CIENTIFICO DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS POR ÁREAS:



- Dereito Administrativo:




### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Sociais e Xurídicas na área de Dereito Administrativo





- Dereito Civil:




### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Sociais e Xurídicas na área de Dereito Civil





- Didáctica e Organización Escolar (I):




### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Sociais e Xurídicas na área de Didáctica e Organización Escolar (I)





- Didáctica e Organización Escolar (II):




### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Sociais e Xurídicas na área de Didáctica e Organización Escolar (II)





- Economía Aplicada:




### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Sociais e Xurídicas na área de Economía Aplicada





- Organización de Empresas (I):




### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Sociais e Xurídicas na área de Organización de Empresas (I)





- Organización de Empresas (II):




### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Sociais e Xurídicas na área de Organización de Empresas (II)



- Psicoloxía Evolutiva:





### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Sociais e Xurídicas na área de Psicoloxía Evolutiva




## 4.3. RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS.

## RESUMO GLOBAL DO CAMPO CIENTIFICO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS





### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico: Ciencias Experimentais




## RESUMO GLOBAL DO CAMPO CIENTIFICO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS POR ÁREAS



- Ecoloxía:




## Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Experimentais na área de Ecoloxía





- Estadística e Investigación Operativa:




### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Experimentais na área de Estatística e Investigación Operativa





- Física Aplicada:




### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Experimentais na área de Física Aplicada





- Matemática Aplicada:




### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Experimentais na área de Matemática Aplicada





- Química Analítica:




## Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Experimentais na área de Química Analítica



- Química Orgánica:





### Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias Experimentais na área de Química Orgánica




4.4. RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS DA SAÚDE.

RESUMO GLOBAL DO CAMPO CIENTIFICO DE CIENCIAS DA SAÚDE:





### Resumo de porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias da Saúde




RESUMO GLOBAL DO CAMPO CIENTIFICO DE CIENCIAS DA SAÚDE POR ÁREAS:



- Bioquímica e Biología Molecular:




### Resumo de porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias da Saúde na área de Bioquímica e Bioloxía Molecular





- Botánica:




### Resumo de porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias da Saúde na área de Botánica





- Medicina:




### Resumo de porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias da Saúde na área de Medicina





- Sanidade Animal:




### Resumo de porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias da Saúde na área de Sanidade Animal





- Fisioloxía:




### Resumo de porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias da Saúde na área de Fisioloxía



- Medicina Preventiva e Saúde Pública:





### Resumo de porcentaxes das solicitudes do campo científico de Ciencias da Saúde na área de Medicina Preventiva e Saúde Pública




4.5. RESULTADOS DO ÁMBITO DE ENSinANZAS TÉCNICAS.

RESUMO GLOBAL DO CAMPO CIENTIFICO DE ENSINANZAS TÉCNICAS.





### Resumo das porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Ensinanzas Técnicas




RESUMO GLOBAL DO CAMPO CIENTIFICO DE ENSINANZAS TÉCNICAS POR ÁREAS:



- Ciencia da Computación e intelixencia Artificial:




### Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Ensinanzas Técnicas na área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial





- Construccions Arquitectonicas:




### Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Ensinanzas Técnicas na área de Construcións Arquitectónicas





- Enxeñaría de Agroforestal:




### Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Ensinanzas Técnicas na área de Enxeñaría Agroforestal





- Enxeñaría Mecánica:




### Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Ensinanzas Técnicas na área de Enxeñaría Mecánica





- Enxeñaría Química:




### Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Enxeñaría Química





- Enxeñaría Telemática:




### Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Ensinanzas Técnicas na área de Enxeñaría Telemática



- Linguaxes de Sistemas Informáticos:





### Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Ensinanzas Técnicas na área de Linguaxes de Sistemas Informáticos




## 4.6. RESULTADOS DO ÁMBITO DE HUMANIDADES.

## RESUMO GLOBAL DO CAMPO CIENTIFICO DE HUMANIDADES.





## Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Humanidades




RESUMO GLOBAL DO CAMPO CIENTIFICO DE HUMANIDADES POR ÁREAS:



- Filloxía Inglesa:




### Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Humanidades na área de Filoloxía Inglesa





- Filoloxía Románica




### Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Humanidades na área de Filoloxía Románica





- Historia Galego-Portuguesa




## Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Humanidades na área de Filoloxía Galego-Portuguesa





- Historia Contemporánea:




## Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Humanidades na área de Historia Contemporánea





- Historia do Arte:




### Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Humanidades na área de Historia do Arte



- Lingua Española:



### Resumo de porcentaxes das figuras solicitadas no campo científico de Humanidades na área de Lingua Española



5. ESTUDO DOS RESULTADOS DESFAVORABLES DA CONVOCATORIA.
  - 5.1. RESULTADOS GLOBAIS.
  - 5.2. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESSOR CONTRATADO DOUTOR.
  - 5.3. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESSOR AXUDANTE DOUTOR.
  - 5.4. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESSOR COLABORADOR.
  - 5.5. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESSOR DE UNIVERSIDADE PRIVADA.

## 5.1. RESULTADOS GLOBAIS.

### RESULTADOS GLOBAIS DAS FIGURAS DESFAVORABLES DA CONVOCATORIA DE AVALIAÇÃO 1A/07


	<b>CD</b>	<b>AD</b>	<b>CO</b>	<b>UP</b>
<b>EXP. INV</b>	38	12	32	32
<b>EXP. DCTE</b>	105	35		93
<b>PUNT. TOTAL</b>	0	9	98	0
<b>NON PROCEDEN</b>	1	3	4	9
<b>TOTAL</b>	<b>144</b>	<b>59</b>	<b>134</b>	<b>134</b>



### RESULTADOS GLOBAIS EN PORCENTAJES DAS FIGURAS DESFAVORABLES DA CONVOCATORIA DE AVALIAÇÃO 1A/07


	<b>CD</b>	<b>AD</b>	<b>CO</b>	<b>UP</b>
<b>EXP. INV</b>	26,39%	20,34%	23,88%	23,88%
<b>EXP. DCTE</b>	72,92%	59,32%		69,40%
<b>PUNT. TOTAL</b>	0,00%	15,25%	73,13%	0,00%
<b>NON PROCEDEN</b>	0,69%	5,08%	2,99%	6,72%

5.2. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESSOR CONTRATADO DOUTOR.

FIGURA CONTRATUAL CONTRATADO DOUTOR		
CD DESFAVORABLE	SUB. TOTAL	%
EXP. INV	38	26,39%
EXP. DCTE	105	72,92%
PUNT. TOTAL	0	0,00%
NON PROCEDEN	1	0,69%
XX1	0	0,00%
XX2	0	0,00%
XX3	0	0,00%
FP	0	0,00%
NP	0	0,00%
NP2	0	0,00%
NP3	0	0,00%
NP4	0	0,00%
ARCHIVO EXP.	1	100,00%
TOTAL	144	











**5.3. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESOR AXUDANTE DOUTOR.**


FIGURA CONTRATUAL AXUDANTE DOUTOR		
AD DESFAVORABLE	SUB. TOTAL	%
PUBL T. DOUT.	12	20,34%
FORM. DCIA	35	59,32%
PUNT. TOTAL	9	15,25%
NON PROCEDEN	3	5,08%
XX1	0	0,00%
XX2	0	0,00%
XX3	0	0,00%
FP	0	0,00%
NP	0	0,00%
NP2	0	0,00%
NP3	0	0,00%
NP4	2	66,67%
ARCHIVO EXP.	1	33,33%
TOTAL	59	








5.4. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESSOR COLABORADOR.

FIGURA CONTRATUAL P. COLABORADOR		
CO DESFAVORABLE	SUB. TOTAL	%
EXP.DCTE.FORM.ACD.PUBL.	32	23,88%
PUNT. TOTAL	98	73,13%
NON PROCEDEN	4	2,99%
XX1	0	0,00%
XX2	0	0,00%
XX3	0	0,00%
FP	0	0,00%
NP	0	0,00%
NP2	0	0,00%
NP3	0	0,00%
NP4	3	75,00%
ARCHIVO EXP.	1	25,00%
TOTAL	134	











### 5.5. RESULTADOS PARA A FIGURA DE PROFESOR DE UNIVERSIDADE PRIVADA.

FIGURA CONTRATUAL P. COLABORADOR		
CO DESFAVORABLE	SUB. TOTAL	%
EXP.DCTE.FORM.ACD.PUBL.	32	23,88%
PUNT. TOTAL	98	73,13%
NON PROCEDEN	4	2,99%
XX1	0	0,00%
XX2	0	0,00%
XX3	0	0,00%
FP	0	0,00%
NP	0	0,00%
NP2	0	0,00%
NP3	0	0,00%
NP4	3	75,00%
ARCHIVO EXP.	1	25,00%
<b>TOTAL</b>	<b>134</b>	





## 6. RECLAMACIÓN.

Os acordos do Consello de Dirección esgotan a vía administrativa polo que, de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro (LRJ-PAC), poderán ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os dictou ou ser impugnados directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O número de recursos de reposición presentados foron os indicados nos seguintes recadros. Non consta, ate o momento, ningunha reclamación de xurisdicción contencioso-administrativa.

AMBITO CIENTÍFICO	Nº DE RECORRENTES	Nº DE SOLICITANTES	PORCENTAXE
XUR.-SOC.	17	179	9,50%
C.C. EXP.	3	89	3,37%
C.C. SAUDE	7	74	9,46%
E. TEC.	6	109	5,50%
HUMA.	1	91	1,10%
<b>TOTAL</b>	<b>34</b>	<b>542</b>	<b>6,27%</b>

AMBITO CIENTÍFICO	Nº DE RESOLUCIÓN RECORRIDAS	Nº DE SOLICITUDES	PORCENTAXE
XUR.-SOC.	28	324	8,64%
C.C. EXP.	8	231	3,46%
C.C. SAUDE	13	184	7,07%
E. TEC.	12	203	5,91%
HUMA.	1	213	0,47%
<b>TOTAL</b>	<b>62</b>	<b>1155</b>	<b>5,37%</b>

ÁMBITO CIENTÍFICO	Nº RECURSOS ESTIMADOS	Nº RECURSOS DESESTIMADOS	TOTAL	% DE RECURSOS ESTIMADOS	% DE RECURSOS DESESTIMADOS
XUR-SOC.	15	12	27	55,56%	44,44%
C.C. EXP.	0	8	8	0,00%	100,00%
S.S. SAÚDE	10	3	13	76,92%	23,08%
E. TEC.	5	5	10	50,00%	50,00%
HUMA.	0	1	1	0,00%	100,00%
<b>TOTAL</b>	<b>30</b>	<b>29</b>	<b>59</b>	<b>50,85%</b>	<b>49,15%</b>

Neste derradeiro recadro hai que indicar que non se incluíron os recursos que no se admitiron a trámite (2 casos no comité de ensinanza técnicas) ou algún recursos que non tivese a consideración de recurso e non fose necesario a reavaliación do expediente por parte do comité ( caso no comité de ciencias xurídicas).